



EXPEDIENTE 2024/C005/000002 Contrato de subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro. Aprobación expediente de contratación.

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, secretario-interventor do que é alcalde ROBERTO CASTRO ROCAMONDE, CERTIFICA

Que o día 20 de febreiro de 2024, a Xunta de Goberno Local, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

5 EXPEDIENTE 2024/C005/000002 Contrato de subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro. Aprobación expediente de contratación.

ANTECEDENTES

- Memoria de Alcaldía necesidade do contrato.
- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención e informe de fiscalización fase A.

CONSIDERACIÓN TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- Normativa de aplicación.

Tense en conta a seguinte:

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.

Segunda.- O obxecto do contrato é a subministración mediante alugueiro, montaxe e desmonte de diferentes carpas ó pórtricos destinados a acoller o desenvolvemento das distintas actividades programadas polo Concello de Touro, de tal forma que o Concello dispoña, nas datas que se determinan no mesmo ou nas que este así o requira, dunhas infraestruturas nos lugares que se establezan para a realizar os eventos previstos, todo iso mediante a instalación daquelas en réxime de alugueiro, incluídos montaxe e desmonte, e traslados, de carpas e infraestruturas e cubertas necesarias para a celebración de actividades culturais e de tempo libre ou calquera evento organizado polo Concello de Touro así como aquelas en as que colabora e son organizadas por asociacións sen ánimo de lucro e que necesitan da instalación de carpas en función do tipo de actividade ou da época do ano en que se celebran ou das previsións meteorolóxicas. Ademais algúns eventos necesitan da instalación dunha tarima elevada ata 0,70 metros, de superficie variable segundo o caso.

A Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (LO 7/1985, de 2 de abril) regula no seus artigos 25 e 26 as competencias municipais. Para o desenvolvemento destas competencias faise necesario adquirir produtos que son de utilización común e continua nos diferentes servizos municipais e se requiren para o seu propio funcionamento e o cumprimento dos seus fins. A finalidade da presente licitación é a elaboración dunha lista de materiais e un provedor capaz de proporcionar un servizo rápido, eficaz e de calidade.



| | |
|---|--------------------------------|
| Tipo de contrato: Subministro | |
| Obxecto do contrato: subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro. | |
| Procedemento de contratación: aberto simplificado abreviado | Tipo de tramitación: Ordinaria |
| 45223800-4. Instalación de estruturas prefabricadas | |
| Valor estimado do contrato: 50.148,00 € (excluído IVE) | |
| Orzamento base de licitación IVE excluído: 50.148,00 € | IVE (21 %): 10.531,08 € |
| Orzamento base de licitación IVE incluído: 60.679,08 € | |
| Duración do contrato: dous (2) anos sen posibilidade de prórroga. | |

O prezo determínase en termos de presos unitarios (€/ m2), calculados segundo esimacións de mercado.

Estes datos son orientadores e teñen como única finalidade facilitar ao órgano de contratación a determinación do orzamento base de licitación e aos licitadores a elaboración da súa oferta. Trátase dunha estimación sobre gastos anteriores.

O prezo da subministración virá determinada pola oferta que presente os licitadores e que consistirá na expresión do prezo €/m2.

O desconto consignado na oferta do contratista será o que determine o prezo do contrato.

O IVE (imposto sobre o valor engadido) que corresponde aplicar é do 21 % (Lei 37/1992, do 28 de setembro, do imposto sobre o valor engadido)

Existe crédito axeitado e suficiente nas partidas 231.20800 e 338.20800.

Terceira.- A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000002, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, para o subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro cun orzamento base de licitación de 60.679,08 euros IVE incluída cunha duración do contrato de dous (2) anos sen posibilidade de prórroga.

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato.



TERCEIRO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000002, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, para o subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro cun orzamento base de licitación de 60.679,08 euros IVE incluída cunha duración do contrato de dous (2) anos sen posibilidade de prórroga.

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).”

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde.

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e prace: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente